




RUTA DAS CETÁREAS

Costa de A Guarda

Adela Leiro, Mon Daporta
outubro 2019



Distancia: 8 km (ida e volta)


Dificultade: baixa



A Guarda e o porto



Na costa exterior da Guarda o que máis chama a atención é o constante bater do mar nas rochas.



A costa exterior do concello da Guarda é rectilínea, con dirección norte-sur, rochosa, baixa e exposta, sen apenas abrigos. Ten dous seos na parte central que acollen a localidade e os únicos areais costeiros da contorna. É unha zona de interese paisaxística, xeolóxica e biolóxica na que as protagonistas son as rochas e a ondada do mar. Toda a zona é unha importante área de pesca e marisqueo (percebes, lagosta, nécora, polbo...). Desde 2011 hai unha proposta de creación do LIC/ZEC "Costa de Oia", actualmente pendente de aprobación.

Ademais dos valores naturais, conta cun importante patrimonio histórico e etnográfico, no que sobresaie o conxunto de cetáreas, viveiros construídos a finais do século XIX nas rochas da costa, na zona intermareal. Foron empregadas para o almacenamento de produtos do mar, especialmente lagosta e na actualidade atópanse abandonadas. Na Guarda consérvanse excelentes representacións con catro cetáreas: A Grelo, O Portiño, A Redonda e Altiaña.

Unha ruta que parte do centro da vila permite percorrer un tramo do litoral da Guarda e achegarse a algunhas das cetáreas.

PERCORRIDO

Comezamos na localidade, ao pé do edificio da **Atalaia** (Museo do Mar) e do dique de abrigo da **punta do Xinete** e, seguindo polo paseo marítimo cara ao norte, pasamos ao pé da **cetárea do Portiño**, a **Bitadorna** e chegamos á **praia de Fedorento**. Continuamos ata a **praia de Area Grande** e seguimos pola beira, polo Camiño Portugués, ata a **cetárea Redonda**. Un pouco máis adiante atópase a **cetarea Altiña**, onde podemos rematar o percorrido. De aí en diante o camiño segue uns centos de metros e prolóngase outros tantos por un carreiro. Se seguimos polas pedras chegamos á **enseada da Cetárea** de onde sae un camiño que sube á estrada pola que podemos volver á Guarda, pola zona acondicionada para peóns e ciclistas, desde onde temos perspectivas diferentes do camiño percorrido (uns 8 km). Pódese facer en coche con paradas ao pé do edificio da Atalaia, nas praias da Area Grande e Fedorento, e na cetárea Redonda.



Porto da Guarda



Costa entre O Portiño e a punta do Xinete



Edificio do Museo do Mar da Guarda. Unha antiga fortaleza defensiva que foi derrubada en 1945 e construída de novo en 1997.




Punta do Xinete. Só a rexa construción dos abrigos é quen de oporlle resistencia a forza do temporal.



Cetárea do Portiño





Praia do Fedorento



Rochas entre as praias de Area Grande e O Fedorento




Praia de Area Grande



Tramo de costa entre a Cetárea redonda e a punta do Bazar e a praia de Area Grande. Un roteiro indicado permite percorrelo e coñecer varias cetáreas antigas



Cetárea "Redonda" con detalles das gaiolas para as langostas



Cetárea "A Altíña"